

M<sup>a</sup> Patrocinio Morrondo Pelayo, José Eduardo López Pereira e M<sup>a</sup> Carmen Fernández Montes

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Jose Carlos de Miguel Domínguez, Beatriz Valcárcel Aguiar e Alexandre Vecino Aguirre

Departamento de Economía Cuantitativa. Universidade de Santiago de Compostela (USC)

David Rodríguez González

Luís Pedro Pereira Andrade

Departamento de Empresa. Universidade da Coruña (UDC)

Departamento de Economía. Universidade da Coruña (UDC)

Manuel Guisado Tato

Departamento de Organización de Empresas e Márketing. Universidade de Vigo (UVI)

## RESUMO

Desde o ano 2001, unha das actividades da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) é a realización dos estudos da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia (SUG). Neste contexto, a ACSUG desenvolveu, de xeito periódico e continuo desde a súa creación, a análise da situación laboral dos titulados no SUG de 1º, 2º ciclo e graduados. Ampliando no ano 2013 o alcance dos seus estudos de inserción laboral aos titulados en másteres oficiais no SUG, en consonancia coa configuración actual dos títulos de educación superior -grao, máster e doutoramento-, froito da progresiva harmonización dos sistemas universitarios esixida no proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Estes estudos proporcionan información estatística dos titulados en másteres desde dous puntos de vista: a súa etapa formativa durante a súa estada na universidade e a súa etapa laboral. Coa definición do Marco Español de Cualificación para a Educación Superior (MECES), establécese o nivel de Máster no nivel 3 do MECES, "no que se inclúen aquelas cualificacións que teñen como finalidade a adquisición por parte dos estudantes dunha formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada á especialización académica ou profesional, ou ben promover a iniciación en tarefas investigadoras", o que pon de manifesto a relevancia dos estudos de máster para a consecución ou especialización nun emprego, ou como iniciación ás tarefas investigadoras previa á realización dun doutoramento. Neste traballo analízase a motivación principal pola que os titulados universitarios cursaron un máster, a valoración que os titulados realizan sobre distintos elementos relacionados coa planificación e o desenvolvemento, a situación laboral posterior a realización do máster, así como a localización do traballo actual.

**Palabras e frases chave:** titulados en másteres, inserción laboral, motivación, planificación, desenvolvemento, situación laboral.

## 1. Introducción

En consonancia con dous dos cinco obxectivos establecidos pola Unión Europea para o ano 2020 relacionados co emprego e a educación (o **emprego**: garantirle o emprego ao 75% das persoas de 20 a 64 anos; e **mais a educación**: lograr que cando menos un 40% das persoas de 30 a 34 anos remataran estudos superiores), estableceuse como finalidade dos estudos de inserción laboral dos titulados en másteres analizar o valor engadido dos másteres na empregabilidade dos titulados universitarios, e proporcionarles información ás universidades para elaborar estratexias de mellora na planificación dos seus títulos que contribúan ao incremento da empregabilidade dos seus titulados.

Os obxectivos destes estudos son proporcionar información dos titulados universitarios en másteres oficiais no SUG sobre dous aspectos fundamentais: a súa percepción sobre a formación e a universidade (aspectos organizativos e de desenvolvemento do máster, motivación para realizar o máster, etc.) e a súa situación laboral, tanto previa como posterior á realización do máster. Neste traballo, centrámonos na análise da motivación principal que leva a un titulado a cursar un máster e a súa valoración sobre o desenvolvemento do mesmo, así como a situación laboral posterior ao máster e a localización do traballo actual.

Os estudos completos dos cales proceden os resultados presentados neste traballo, pódense consultar en: <http://www.acsug.es/gl/insercion>

## 3. Resultados

### Motivación para realizar o Máster

Na **Táboa 2** pódese observar que o motivo máis destacado para realizar estudos de máster é complementar a formación académica para obter unha maior especialización no mercado de traballo, 64,3% (EILMasters1213), 63,7% (EILMasters1112), 57,6% (EILMasters1011) e 58,8% (EILMasters0910). Á súa vez, complementar a formación académica previa para realizar o doutoramento e dedicarse á investigación sitúase como segundo motivo de importancia, con valores comprendidos entre o 25,4% (EILMasters1213) e 31,9% (EILMasters1112), seguido dos titulados en másteres que afirmaron que o máster era preciso ou obrigatorio para o seu futuro emprego ou perspectiva laboral (profesores de ensinanza secundaria, avogados, etc.) con valores inferiores ao 19% en todos os estudos.

Motivación	EILMasters0910	EILMasters1011	EILMasters1112	EILMasters1213
Complementar a formación académica (investigación)	29,0%	30,1%	31,9%	25,4%
Complementar a formación académica (traballo)	58,8%	57,6%	63,7%	64,3%
Detectar necesidades formativas na experiencia laboral anterior	4,6%	5,4%	3,4%	5,1%
Era necesario ou obrigatorio para o futuro emprego	18,7%	17,0%	15,0%	18,5%
Outros	1,5%	5,4%	2,4%	2,6%


**Táboa 2.** Motivos para realizar o máster. Resultados para o total do SUG. Comparativa dos estudos: EILMasters0910 ata EILMasters1213.

### Valoración do desenvolvemento do Máster


Co obxecto de analizar a experiencia dos titulados en másteres con respecto a súa planificación e desenvolvemento, pedíuselles que valoraran aspectos tales como a planificación das ensinanzas, as competencias, as metodoloxías de ensino-aprendizaxe, os sistemas de avaliación, o profesorado, os recursos materiais, a coordinación e o traballo de fin de máster. As análises acadadas para a planificación das ensinanzas, competencias, profesorado, coordinación e o Traballo de Fin de Máster pódense consultar os valores obtidos desde a **Figura 2** ata a **Figura 6**. En relación coa valoración da planificación das ensinanzas (estrutura do máster, horarios, distribución da carga de traballo, etc.) e as competencias (coñecementos, destrezas e habilidades) máis do 50% dos titulados de máster teñen unha valoración positiva dela, e valóraa como boa ou moi boa.

Con respecto á valoración do profesorado, o 63,8% dos titulados de máster no curso académico 2012-2013 valóranlo como bo ou moi bo, incrementándose a súa valoración positiva nos tres últimos estudos. Outro aspecto a valorar dentro da organización do máster, é a súa coordinación, aspecto de maior relevancia nos másteres interuniversitarios. As valoracións sobre a coordinación foron mellorando nos respectivos estudos, 35,4% (EILMasters0910) ata o 46,5% (EILMasters1213) que consideran que hai unha moi boa ou boa coordinación.


O Traballo Fin de Máster (contidos, desenvolvemento, etc.) xunto co profesorado son os dous ítems mellor valorados. Os titulados en másteres no SUG dan unha valoración moi boa ou boa superior ao 60% en todos os estudos do Traballo Fin de Máster.




**Figura 2.** Planificación das ensinanzas. Comparativa dos estudos: EILMasters0910 ata EILMasters1213.




**Figura 3.** Competencias. Comparativa dos estudos: EILMasters0910 ata EILMasters1213.



**Figura 4.** Profesorado. Comparativa dos estudos: EILMasters0910 ata EILMasters1213.



**Figura 5.** Coordinación. Comparativa dos estudos: EILMasters0910 ata EILMasters1213.




**Figura 6.** Traballo Fin de Máster. Comparativa dos estudos: EILMasters0910 ata EILMasters1213.

### Situación laboral e lugar de traballo


Na **Figura 7** e na **Figura 8** presentase a situación laboral e o lugar de traballo no momento de realizar a enquisa dos titulados en máster. Un 73,8% (EILMasters1213), 77,6% (EILMasters1112), 73,6% (EILMasters1011) e 73,7% (EILMasters0910) dos titulados en másteres no SUG atópase traballando no momento de realizar a enquisa, dos cales máis do 50%, en todos os estudos, traballan nun emprego relacionado co máster.

### Satisfacción co máster


Os titulados en másteres no SUG están satisfeitos cos estudos universitarios cursados (ver **Figura 9**). Tres cuartas partes dos titulados en másteres volverían a realizar o máster.



**Figura 7.** Situación laboral actual dos titulados en máster. Comparativa dos estudos: EILMasters0910 ata EILMasters1213.



**Figura 8.** Lugar de traballo actual. Comparativa dos estudos: EILMasters0910 ata EILMasters1213.



**Figura 9.** Volverían realizar o máster. Comparativa dos estudos: EILMasters0910 ata EILMasters1213.

## Referencias

De Miguel Domínguez, J. C.; Rodríguez González, D.; Valcárcel Aguiar, B.; Vecino Aguirre, A.; Pedreira Andrade, L. P.; Guisado González, M.; Morrondo Pelayo, M. P.; López Pereira, J. E.; Fernández Montes, M. C. (2015). *Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010*. ACSUG.

De Miguel Domínguez, J. C.; Rodríguez González, D.; Valcárcel Aguiar, B.; Vecino Aguirre, A.; Pedreira Andrade, L. P.; Guisado Tato, M.; Morrondo Pelayo, M. P.; López Pereira, J. E.; Fernández Montes, M. C. (2016). *Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2010-2011*. ACSUG.

De Miguel Domínguez, J. C.; Rodríguez González, D.; Valcárcel Aguiar, B.; Vecino Aguirre, A.; Pedreira Andrade, L. P.; Guisado Tato, M.; Morrondo Pelayo, M. P.; López Pereira, J. E.; Fernández Montes, M. C. (2017). *Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2011-2012*. ACSUG.

De Miguel Domínguez, J. C.; Rodríguez González, D.; Valcárcel Aguiar, B.; Vecino Aguirre, A.; Pedreira Andrade, L. P.; Guisado Tato, M.; Morrondo Pelayo, M. P.; López Pereira, J. E.; Fernández Montes, M. C. (en imprenta). *Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2012-2013*.